



**Facultade de Filoloxía**

**MEMORIA**

**ANO 2014**

## SUMARIO

### **A. Mudanza na composición da equipa decanal**

### **B. Accións desenvolvidas para a garantía de calidade nas titulacións impartidas no centro**

1. Plano de acción titorial (PAT)
2. Sistema de Garantía Interna de Calidade (SIGIC)
3. Plano de Viabilidade para as titulacións Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios e Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios.
4. Plano Estratéxico da Facultade (2014-2020)

### **C. Accións relativas ás infraestruturas e servizos**

1. Adquisición de material informático
2. Adquisición de material de audio, vídeo e comunicación
3. Actuacións xerais
4. Medición de gas radón

### **D. Accións desenvolvidas no ámbito da extensión universitaria**

1. Actividades organizadas pola comisión
  - 1.1. Premio literario
  - 1.2. Letras Galegas
  - 1.3. Despedida
  - 1.4. Magosto
2. Actividades organizadas polo profesorado
3. Outras actividades

### **E. Actividades levadas a cabo no ámbito do servizo de biblioteca**

1. Fondos
2. Persoas usuarias e sistema de empréstitos
3. Persoal
4. Instalacións e equipamentos
5. Tarefas desenvolvidas na biblioteca
  - 5.1. Traballo técnico
  - 5.2. Formación
  - 5.3. Outras actividades

### **F. Mobilidade e internacionalización**

1. Visitas de profesorado doutras universidades
2. Profesorado da facultade
3. Alumnado implicado nos programas
4. Convenios asinados
5. Outras actividades relacionadas coa internacionalización

---

## A. MUDANZA NA COMPOSICIÓN DA EQUIPA DECANAL

---

Como produto da aceptación por parte do Exmo. Sr. Reitor da solicitude de demisión presentada por Xoán Luís López Viñas de forma a non continuar a desenvolver as funcións de Vicedecano de Calidade, produciuse unha mudanza na equipa de goberno do centro, a cal, desde o día 1 de xuño de 2014, ficou constituída do modo que segue:

Decana: María Jesús Lorenzo Modia  
 Vicedecano: Félix Córdoba Rodríguez  
 Vicedecana: María Jesús Cabarcos Traseira  
 Vicedecano: Carlos Caetano Vizcaíno Fernández  
 Secretario: Xosé Manuel Sánchez Rei

---

## B. ACCIÓNS DESENVOLVIDAS PARA A GARANTÍA DE CALIDADE NAS TITULACIÓNS IMPARTIDAS NO CENTRO

---

No momento actual, en parte como consecuencia das directrices académicas provenientes de Boloña e en parte tamén como resultado do proceso de renovación pedagóxico-docente, concédese moita relevancia ás medidas que implementan a calidade no ensino superior. A Facultade de Filoloxía non é allea a esta realidade e desenvolve regularmente determinadas actividades e planifica estratexias consagradas precisamente a garantiren a antecitada calidade. Ese conxunto de medidas, en síntese, tivo os seguintes eixos de actuación:

- (1) Plano de Acción Titorial (PAT).
- (2) Sistema de Garantía Interna de Calidade.
- (3) Plano Estratéxico da Facultade (2014-2020).
- (4) Plano de Viabilidade para as titulacións *Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios* e *Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios*.

### 1. Plano de acción titorial (PAT)

A implantación do PAT na Facultade de Filoloxía iniciouse no ano académico 2007-2008 coa participación do profesorado que leccionaba aulas no primeiro curso das licenciaturas. Desde entón, o PAT do centro atendeu progresivamente cada ano académico un número maior de estudantes, xa que foi atribuído titor ou titora a todo o alumnado de novo ingreso, quer nas antigas licenciaturas en Filoloxía Galega, Filoloxía Hispánica e Filoloxía Inglesa (con docencia e asignación de titor/a até ao curso 2012-2013), quer nos tres graos ministrados desde o ano académico 2009-2010 na Facultade: Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios, Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios e Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios.

Ao mesmo tempo, tamén desde ese ano 2009-2010, o PAT envolveu o alumnado que se matriculou nos diversos mestrados do centro ao longo dos últimos tempos, en parcería ou non con outras institucións académicas: Mestrado Interuniversitario en Lingüística e as súas Aplicacións (MILA), xa extinguido; Mestrado Universitario en Lingua e Usos Profesionais (MLUP), igualmente tamén extinto, e

o Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (MLCD), presentemente con dous itinerarios (ámbito galego-portugués e español). No ano académico 2013-2014, o PAT continuou a ser unha ferramenta estratéxica para acompañar o estudantado matriculado nas titulacións de posgrao, de forma que a todo o alumnado dos mestrados lle foi asignado igualmente un titor ou unha titora; no comezo do curso 2013-2014, tamén se incorporaron ao PAT o Mestrado Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (MIEIAA), ben como o Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada (MILA).

Todo este proceso de asesoramento do estudantado tivo como principais consecuencias as seguintes: en primeiro lugar, o Plano de Acción Titorial conseguiu abranxer todo o alumnado da facultade xa desde o ano 2010. E en segundo lugar, derivado da implantación progresiva dos catro cursos de cada grao e dos diversos mestrados, o número de docentes que participa no PAT conseguiu acrecentarse progresivamente, moito embora fose devagariño: de 36 persoas no curso académico 2011-2012 pasouse para 37 no ano 2012-2013 e para 43 no ano 2013-2014. Por último, vira preciso deixarmos constancia de que a proposta do Plano de Acción Titorial 2013-2014 foi aprobada en Xunta de Facultade na sesión ordinaria do día 29.09.2014.

Hai que ponderar moito en positivo o desenvolvemento do PAT e o esforzo que supón, pois a través del conséguese ofrecer ao estudantado un acompañamento totalmente personalizado desde que ingresa no primeiro ano na titulación até que finaliza os estudos, o que redunda favorablemente no desenvolvemento da docencia. Porén, é certo que nos encontros que mantén periodicamente o profesorado que participa no programa se reitera con relativa frecuencia que ás veces o estudantado se mostra reticente a se integrar completamente no PAT; isto tradúcese, non raro, na súa inasistencia ás reunións programadas polo titor ou titora, pois tórnase un hábito bastante frecuente que nalgún momento se deixe de acudir a esas citas. Mais, a pesar de todo, o PAT é sentido xeralmente como unha moito relevante actuación que favorece a relación co alumnado e que se torna unha práctica innovadora que tende á mellora da docencia.

## **2. Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC)**

Durante o curso 2013-2014 realizouse a versión e actualización de certos procedementos e anexos do Manual do Sistema de Garantía Interno de Calidade do centro, ben para seren incorporados nos procedementos estratéxicos melloras que foran recomendadas pola ACSUG a outras facultades da Universidade da Coruña, ben para ser incluído na sección de apoio un órgano encargado de analizar os datos presentados anualmente polo Sr. Vicedecano de Calidade; informouse destas mudanzas na reunión da Comisión de Estratexia e Calidade (29.05.2014) e tamén na Xunta de Facultade (26.04.2014). Canto ao desenvolvemento do proceso de seguimento dos títulos, a Vicerreitoría de Calidade, Títulos e Novas Tecnoloxías organizou durante o ano 2014 varias reunións explicativas co persoal de calidade dos centros, ás cales asistiu sempre o Sr. Vicedecano responsábel da calidade e/ou algún membro da equipa decanal.

A respecto do número de encontros mantidos pola Comisión de Estratexia e Calidade da Facultade de Filoloxía, convén sinalarmos que se reuniu coa periodicidade precisa para que o seu funcionamento fose satisfactorio, cun alto grao

de asistencia, participación e produtividade. A incorporación dos coordinadores e das coordinadoras de titulación tras a mudanza da composición durante o ano 2014 en seis ocasións (2 de febreiro, 29 de maio, 20 de xuño, 26 de setembro, 30 de novembro, 11 de decembro) de forma a atender as funcións a ela atribuídas relativamente ao proceso de seguimento das titulacións impartidas no centro.

No concernente ás propostas de mellora no marco do seguimento das titulacións, traballouse en varias liñas, quer dando inicio a novas estratexias, quer completando outras xa existentes de anos anteriores. Entre as máis relevantes, sobrancean as seguintes:

- a)** Actualización das *Xornadas de Acollida* destinadas ao estudiantado de novo ingreso; tiveron lugar os días 8, 10, 11, 15, 16 e 17 de setembro de 2014 (*vid. infra*).
- b)** Actualización dos criterios para a selección e publicación dos TFG e TFM no RUC
- c)** Desdoblamento da materia “Español como L2” (Grao en Inglés), co obxectivo de mellorar a calidade da docencia.
- d)** Divulgación na maior parte dos centros de ensino secundario do país, e nomeadamente dos da comarca, das titulacións leccionadas na Facultade, ben a través de visitas realizada a eses liceos, ben mediante o envío de información e materiais ou até a través do correo electrónico.
- f)** Celebración e recepción das visitas organizadas arredor do programa “Visita o teu campus” (promovido polo SAPE), nas cales foi presentado o funcionamento da facultade ao alumnado de varios centros de ensino secundario do país: dotacións, equipa decanal, instalacións, posíbeis saídas profesionais, interrelación da facultade coa vida económica e cultural da comarca etc.
- g)** Dotación e actualización de novas salas con equipamento multimedia e renovación de materiais (*vid. infra*).
- h)** Elaboración de material informativo destinado a estudantes de bacharelato e de graos en que se informa das titulacións (graos e mestrados) que se ofertan no centro.
- i)** Fortalecemento da distribución, no primeiro curso dos graos, dun grupo específico (D) para aquelas persoas que se matricularen fóra dos prazos iniciais, en harmonía coas recomendacións da ACSUG, en que tal proceder foi epigrafado como “boas prácticas”.
- l)** Elaboración dun formulario específico destinado ao alumnado que por unha causa xustificada se vise na obriga de solicitar mudanza de grupo no primeiro curso ou modificar a súa inclusión no asignado inicialmente, o que costuma producirse nas primeiras semanas do curso.
- m)** Promoción das titulacións ministradas no centro en universidades estranxeiras e sinatura de convenios para o recoñecemento de titulacións duais nalgúns graos e mestados; eses contactos tiveron lugar nomeadamente coa University of South of Wales (Gales), coas Adam Mickiewicz e Jagiellonian (Polonia) e coa Universidade do Minho (Portugal).
- n)** Asistencia por parte da Sra. Vicedecana María Jesús Cabarcos Traseira ás *XXII Xornadas de Orientación Universitaria e Laboral* (7-11 de abril, celebradas no CUR e organizadas polo Concello da Coruña e polo Centro Municipal de Información Xuvenil).

**ñ)** Asistencia por parte do antigo Vicedecano Xoán Luís López Viñas ás XII Xornadas de Orientación Académica (23 de abril, desenvolvidas no auditorio da Fábrica e organizadas polo Concello de Oleiros), e asistencia por parte do profesor Eduardo Barros Grela (por delegación) ás XIII Xornadas de Orientación Académica (17 de decembro no mesmo lugar).

**o)** Plano de seguimento dos egresados, coa incorporación de preguntas específicas no informe final do titor ou titora profesional das prácticas externas.

**p)** Incremento da información ao estudiantado sobre o TFG, o que implicou a realización de reunións de coordinación do profesorado do grao sobre o TFG e charlas informativas co alumnado, ben como a creación dunha sección específica para os TFG na páxina web da facultade ([http://www.udc.gal/filo/graos/2014\\_2015/traballos\\_fin\\_grao/index.html](http://www.udc.gal/filo/graos/2014_2015/traballos_fin_grao/index.html)).

**r)** Incremento da información ao estudiantado sobre o TFM a través de charlas informativas co alumnado e da creación dunha sección específica para os TFM na páxina web da facultade ([http://www.udc.gal/filo/mestrados/MLCD/2014\\_2015/MLCD/traballos\\_fin\\_grao/index.html](http://www.udc.gal/filo/mestrados/MLCD/2014_2015/MLCD/traballos_fin_grao/index.html)).

Igualmente, de forma a dar cumprimento ao PA03 do SGIC (Procedemento de Apoio 03: satisfacción, expectativas e necesidades) foron xestionados os inquéritos de satisfacción do PDI, PAS e alumnado do centro correspondentes ao ano 2013-2014, en harmonía coas indicacións da UTC (<http://enquisas.sic.udc.es>). Os resultados foron analizados pola CEC, que os considerou en xeral satisfactorios, embora mellorábeis; desa análise depreñdéndose as seguintes conclusións:

**a)** No que di respecto ao PDI, os inquéritos foron realizados de novo en papel, xa que aplicación informática non devolve valores desagregados dos tres graos leccionados no centro. A percentaxe de participación no inquérito de satisfacción atinxe 35,38% e virá posíbel que a información enviada desde a UTC á totalidade do persoal docente (incluído tamén o da nosa facultade) sobre o procedemento e os prazos para ser cuberto o inquérito en liña mediante a aplicación “Avaliemos” colidise en certa maneira coa enviada tamén desde o vicedacanto, o que puido provocar certa confusión sobre a percentaxe de participación no inquérito.

**b)** No alumnado dos graos, comprobouse un descenso significativo da percentaxe de participación se comparada coa do curso 2012-2013 (de 90,8% e 60% do estudiantado de 1º e 3º, respectivamente, pasouse para 45,40% e 40% no ano académico 2013-2014. A realización dos inquéritos en soporte papel parece aínda máis pertinente, pois os valores continúan a ser ben máis elevados que cando se facían a través da aplicación en liña.

**c)** En último lugar, no tocante ao PAS, que tamén cubriu o inquérito en papel, a percentaxe de participación situouse en 93,75%, moito por riba da correspondente ao curso académico 2012-2013 (66,67%), o que supón unha importante mellora.

### 3. Plano Estratéxico da Facultade (2014-2020)

Ratificouse na reunión da Xunta de Facultade dese mesmo día 17 de decembro de 2014. Con anterioridade, xa fora aprobada a súa exposición pública desde a Xunta de Facultade de 29.09.2014 desdo o día 30 de setembro ao 14 de outubro para lle seren incorporados os contributos pertinentemente remitidos polos diferentes colectivos interesados (PDI e PAS).

#### **4. Plano de Viabilidade para as titulacións *Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios* e *Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios*.**

Na Xunta de Facultade celebrada o día 17 de decembro de 2014 aprobouse por maioría o documento coñecido como *Plano de Viabilidade*, elaborado expresamente, á petición da Xunta de Galiza, para as titulacións *Grao en Galego e Portugués* e *Grao en Español*. O texto foi exposto e comentado na Comisión de Estratexia e Calidade (11.12.2014) e na Comisión Permanente (04.12.2014) e coas achegas recibidas foi pendurado na plataforma ALFRESCO para que os diferentes sectores da facultade (alumnado, PDI, PAS) puidesen ter acceso a el e facer as suxestións que considerasen oportunas. Os eixos nucleares do *Plano* poden sintetizarse en: (i) a necesidade de conseguir alumnado de primeira matrícula para os dous graos citados, dada a tendencia a baixa que se leva detectando nos últimos tempos; (ii) dadas as experiencias positivas levadas a cabo noutras titulacións na UDC, a posta en andamento da simultaneidade para cursar dúas titulacións de grao ao mesmo tempo (i.e., Grao en Español e en Galego e Portugués, Grao en Galego e Portugués e en Inglés, Grao en Inglés e en Español), co que, en cinco anos e cunha carga docente de 322 créditos, unha persoa conseguiría dous títulos; e (iii) a posta en andamento de duplas titulacións con universidades estranxeiras, na liña do comentado máis arriba (*vid. supra.*), pensadas tanto para os graos como para os mestrados.

---

### **C. ACCIÓNS RELATIVAS ÁS INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS**

---

Polo xeral, os edificios en que se acha a Facultade de Filoloxía consérvanse nunhas relativas boas condicións e dispoñen dunhas modernas e adecuadas instalacións, o que non obsta para que non se fagan necesarios determinados labores de actualización e de reparación. Así pois, as actuacións levadas a cabo neste marco estiveron norteadas fundamentalmente polo principio de melloraren e modernizaren as infraestruturas xa existentes, ben como pola ansia de solucionaren algunhas eivas conxunturais que foron xurdindo e de arranxaren determinados desperfectos que foron aparecendo de maneira esporádica ao longo do ano. Para dar conta de todo isto, dispúxose dun orzamento de 11.610€ correspondente á partida 625000 (moblaxe e equipamento). Ao mesmo tempo, para as reparacións de carácter ordinario relativas aos edificios, ás instalacións ou aos seus servizos, contouse cun total de 8.450 € na presente memoria unicamente se sinalarán aquelas actuacións máis relevantes desenvolvidas nese marco.

Canto ás liñas de traballo de que se ocupou a Comisión de Infraestruturas e Servizos (reunida nos días 24 de febreiro e 30 de setembro), tiveron os seguintes eixos básicos:

- (1) Adquisición de material informático, audio, vídeo e comunicación.
- (2) Actuacións de carácter xeral.
- (3) Medición de gas radón.

### **1. Adquisición de material informático, audio, vídeo e comunicación**

Entre as compras efectuadas ao longo do ano 2014, convén resaltarmos a adquisición dunha nova equipa de videoconferencia portátil, un monitor de 55 pulgadas e soporte para ambos. Ao mesmo tempo, dada a obsolescencia dalgunhas equipas informáticas, incorporáronse outras novas con destino a unha sala das habituais para a docencia, á biblioteca e á secretaría académica do centro. Alén diso, púxose en funcionamento a sala 2.8, dotada polo Centro de Linguas dun cadro branco, equipa de proxección, reprodutor de DVD e Blu-ray, computador, monitor para o persoal docente, equipa de son e altosfalantes.

### **2. Actuacións xerais**

Por outra parte, ao longo do ano foron levadas a cabo outras accións desenvolvidas nas instalacións do centro, especialmente en labores de manutención. De todos eles, merecen ser salientados os seguintes:

- a) Arranxos menores e traballos de manutención levados a cabo nos sistemas de calefacción, electricidade e fontanaría.
- b) Arranxos practicados en varias cubertas e caleiros.
- c) Campañas de desinsectación.
- d) Liberalización de diversos materiais, xa dados de baixa, que permanecen aínda nos armacéns do centro.
- e) Reorganización, durante o período sen docencia das últimas Ferias de Nadal (decembro de 2013 – xaneiro de 2014), do horario de calefacción nas salas (andares 1 e 2) coa finalidade de aforrar enerxía e diñeiro.
- f) Seguimento dalgunhas fendas detectadas no interior do edificio.
- g) Traballos de limpeza das instalacións da biblioteca, especialmente os levados a cabo en xullo de 2014.
- h) Arranxos varios practicados na Aulanet, no Negociado do centro e no comedor da cafetaría.
- i) Obras de mellora na Sala de Graos no sentido de renovar a instalación de vídeo existente e estudar a instalación de ar condicionado no local.
- l) asignación con exclusividade á facultade os taboleiros de cortiza móbeis.
- m) pintar varias dependencias da biblioteca (gabinetes, puntos de OPAC e sala do fondo Manuel Santiago).

### **3. Medición de gas radón**

Desde o mes de maio se foron facendo medicións de gas radón en diversas zonas do centro por parte do Servizo de Prevención de Riscos Laborais da UDC. Como produto daquelas, detectáronse dúas zonas en que o nivel era alto de máis, cal a conserxaría e unha parte do sótao da biblioteca. A causa de haber zonas da facultade con índices máis altos do habitual é debida á constitución dos subsolos dos edificios, que son de granito. De todo este proceso foise dando información pertinente nas diversas reunións das comisións delegadas do centro (Académica, Permante etc.) e mesmo o día 15 de decembro tivo lugar un encontro en que responsábeis do antecitado Servizo de Prevención de Riscos Laborais expuxeron nun encontro aberto as



conclusións finais aos membros da Facultade. Entre as medidas adoptadas, contemplouse inicialmente a deslocação da conserxaría para a Sala de Xuntas e a realización de obras no centro para a ventilación mecánica das áreas con índices máis altos, do que se ocuparán os servizos centrais da universidade; ao paso, non foron contempladas outras medidas, pois no resto de dependencias (aseos, cafetería, edificio de gabinetes, negociado, sala de apoio á investigación, salas de aulas, secretaría do centro, seminarios, vicedecanatos etc.) non se detectou risco ningún.

---

## **D. ACCIÓNS DESENVOLVIDAS NO ÁMBITO DA EXTENSIÓN UNIVERSITARIA**

---

A Comisión de Cultura e Extensión Universitaria da Facultade de Filoloxía (CCEU) é consciente de que, paraalén das actividades docentes, a vida académica abranxe necesariamente a organización de eventos culturais, investigadores e de transferencia do coñecemento. Estas accións serven non só para a socialización dos membros da comunidade universitaria, isto é, estudantado, profesorado e PAS, mais tamén como promoción da propia facultade e das titulacións que se leccionan nela. Por todo isto, após o pertinente prazo para a presentación de solicitudes de subvención de actividades, a CCEU tentou apoiar todas as propostas que lle foron chegando desde os diversos sectores do centro e procurou manter todas aquelas iniciativas tradicionalmente organizadas pola facultade, aplicando os criterios utilizados nos últimos tempos. O orzamento de que dispuxo foi de 7000€ para o ano 2014 e celebrou dúas reunións (06.02.2014 e 19.07.2014).

Mais os actos organizados dentro do marco da extensión universitaria non se cinxiron unicamente ás actividades promovidas pola CCEU, pos é preciso facermos notar que unha importante parte do profesorado coordinou ou dirixiu diversos eventos de singular suceso. Así, as principais epígrafes en que se poden resumir todos eses labores son as seguintes:

- (1) Actividades organizadas pola CCEU.
- (2) Actividades coordinadas polo profesorado.
- (3) Outras actividades.

### **1. Actividades organizadas pola comisión**

#### **1.1. Premio literario**

O primeiro acto que debe ser ponderado é o *Premio de Creación Literaria e Ensaio*. No marco deste, foron celebrados varios eventos eventos que se sinalan a seguir:

- a) Edición, publicación e distribución do *XX Premio de Creación Literaria e Ensaio*, correspondente ao ano 2013.
- b) Convocatoria do *XXI Premio de Creación Literaria e Ensaio*, correspondente ao ano 2014.
- c) Fallo público do *XXI Premio e recital*, coa intervención da escritora Marica Campo (13.05.2014).

#### **1.2. Letras Galegas**

Outrosí, a carón do antecitado premio, está a Celebración do Día das Letras Galegas 2014, este ano dedicado a Xosé María Díaz Castro. Foi organizada unha

mesa redonda, intitulada *Aproximación a Díaz Castro* e moderada pola profesora María Pilar García Negro coa participación da escritora Marica Campo e de Xosé Blanco Torrado (13.05.2014), albacea testamentario do escritor.

### 1.3. Despedida

No día 20 de xuño, ás 18.00hh, tivo lugar o acto de despedida das promocións do *Grao en Español, Grao en Galego e Portugués* e *Grao en Inglés* na Aula Magna do centro. Interviñeron a Sra. Vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura da UDC, D<sup>a</sup> María José López Martínez, e a Sra. Decana, D<sup>a</sup> María Jesús Lorenzo Modia. Tamén houbo intervencións dos padriños e das madriñas dos tres graos, ben como de representantes do estudantado.

### 1.4. Magosto

Finalmente, so a organización dos Comités, o día 22 de novembro celebrouse na cafetería do centro a vixésima edición do Magosto da Facultade de Filoloxía, nun horario comprendido entre as 22.00hh. e as 02.00hh. da madrugada do día 23. Houbo unha alta participación por parte do estudantado e desenvolvéronse varias actuacións artísticas musicais.

## 2. Actividades organizadas polo profesorado

Son aquí incluídas as conferencias, congresos, xornadas etc. en que a organización correu fundamentalmente ao cargo do profesorado da facultade ou dos grupos de investigación que traballan no centro, ben como aquelas outras que tiveron lugar nas instalacións. Entre tales actividades, cómpre lembrarmos as seguintes:

- a) Celebración do *IV Seminario Internacional de Vanguarda*, organizado polo grupo LCH en colaboración co SEGAMI e ETSAC e leccionado por Raul Antelo: *Flavio Carvalho: la ciudad como museo imaginario* (ETSAC) (21.01.2014) e *Joaquín Edwards Bello: El testigo dadá* (22.01.2014).
- b) Seminario *Cultura galega e edición na Galiza franquista*, coordinado pola Prof. Dra. Carme Fernández P.-San Julián (Grupo ILLA, do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística) no marco do proxecto *A produción editorial na Galiza durante a etapa franquista* (22.01.2014)
- c) Presentación da iniciativa *Gústache o galego*, coordinada polo Servizo de Normalización Lingüística da UDC e pola Facultade de Filoloxía (13.02.2014).
- d) Conferencia do escritor e profesor da UDC Xavier Alcalá intitulada *Galegos e ingleses na Patagonia*, organizada polo Departamento de Galego-Portugués e polo Servizo de Normalización Lingüística da UDC (13.02.2014).
- e) Actividade *A UDC explica os nobel 2013. Premio Nobel de Literatura*, coa sesión *A obra de Alice Munro: a mestría na arte do relato*, impartida polas profesoras doutoras María Frías Rudolphi e Begoña Simal González no Espazo Cultural NORMAL (25.02.2014)
- f) Conversa coas poetas Francisca Aguirre e Guadalupe Grande intitulada *Lembranza de Félix Grande, poeta*, organizada pola Facultade de Filoloxía (28.02.2014).

**g)** Ciclo de conferencias *New Trends in English Studies X*, organizado polo Grupo de Investigación Cultura, Literatura CLIN do Departamento de Filoloxía Inglesa.

Juan Cruz: *El periodista y el editor literario* (13.03.2014).

Prof. Dr. Román Álvarez Rodríguez: *Maquiavelo y la literatura inglesa* (14.03.2014).

Prof. Dr. Stankomir Nicieja: *What makes cinema special? Key aspects of film analysis* (19.03.2014).

Félix Calviño: *A Galician Writer in Australian Literature* (15.05.2014).

Prof. Dr. Manuel Míguez Ben: *Hamlet's Ghost's Film Treatment* (08.05.2014)

Prof. Dr. José Antonio Álvarez Amorós: *Hitos de la crítica antihistórica norteamericana* (08.05.2014).

Profa. Dra. Anna Szczepaniak-Kozak: *Could you do me a favour? A lesson in Intercultural Pragmatics* (08.05.2014).

**h)** Conferencia impartida polo Prof. Dr. Javier Gómez-Montero: *Lecturas europeas. Weltliteratur, canon literario y la formación de los europeos*, so a coordinación do Departamento de Filoxía Española e Latina e a Facultade de Filoxía (07.05.2014).

**i)** Conferencia intitulada *Gramática de dependencias*, impartida polo Prof. Dr. Igor Mel'čuk (29.05.2014) e organizada polo grupo LyS (Lengua y Sociedad de la Información).

**l)** Seminario *Cuestiones fraseológicas*, leccionado polo Prof. Dr. Igor Mel'čuk (29.05.2014) e coordinada polo grupo LyS (Lengua y Sociedad de la Información).

**m)** Celebración do *II Coloquio de Lingüística Histórica*, coordinado polo grupo ILLA do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística (26-27.06.2014).

**n)** Celebración do *Congreso de Literatura Española* (25-27.06.2014), organizado polo Prof. Dr. Fidel López Criado.

**ñ)** Celebración do *VII Curso de Lingua e Cultura Galegas para persoas estranxeiras*, organizado polo Servizo de Normalización Lingüística da UDC (1-24.07.2014).

**o)** Celebración das *Jornadas Fiesta y relaciones literarias*, organizadas polo Grupo de Investigación Literatura e Cultura Hispánica do Departamento de Filoloxías Española e Latina (19 e 25-26.09.2014).

**p)** Conferencias impartidas por Jukka Havu: *El pasado reciente en algunas lenguas europeas (español, francés, inglés, italiano, rumano, finés)* (22.09.2014) e *La política lingüística en Finlandia* (24.09.2014), ambas coordinadas pola Área de Lingua Española do Departamento de Filoloxía Española e Latina.

**q)** Conferencia lida por Sofía Kantor e intitulada *Los peligros del mar: Berceo y Meendinho*, organizada polo Grupo de Investigación Literatura e Cultura Hispánica do Departamento de Filoloxía Española e Latina (22.09.2014).

**r)** Celebración do *Seminario de Investigación da Facultade de Filoloxía: feminismo, xénero e estudos queer*, organizado a través da Oficina para a Iguldade de Xénero polas profesoras doutoras Begoña Crespo, María Frías Rudolphi, Isabel Moscowich e Carolina Núñez Puente (23-25.09.2014)

s) Charla-coloquio intitulada *Renata Soskey: On women in Teixeira prison, and singing the blues*, organizada pola Profa. Dra. María Frías Rudolphi (01.10.2014).

t) Ciclo de conferencias *New Trends in English Studies X*, organizado polo Grupo de Investigación Cultura, Literatura CLIN do Departamento de Filoloxía Inglesa.

Profa. Dra. Teresa Caneda Cabrera: *Textual and Cultural Negotiations in the Translation of Modernism: The Case of Katherine Mansfield* (17.10.2014).

Profa. Dra. Laura Lojo Rodríguez: *'In a Glass Darkly': Science, Technology and the Gothic Tradition in Mary Shelley's Frankenstein* (21.10.2014).

Profa. Dra. Alejandra Moreno: *Critical Thinking in the Making. The Poet/Critic from Sidney to Coleridge* (22.10.2014).

Prof. Dr. John Rutherford: *Alegrías da tradución: Nimbos de Díaz Castro* (28.10.2014).

u) Conferencia impartida por Leonardo Campillos Llanos, *¿Qué caracteriza a la interlengua del español oral no nativo? Análisis a partir de un corpus oral de español como lengua extranjera* (28.10.2014), organizada polo grupo LyS (Lengua y Sociedad de la Información).

v) Celebración da mesa redonda intitulada *A lexicografía no século XXI* (29.10.2014), coa coordinación de RELEX (Rede de Lexicografía).

x) Seminario de investigación *Novos ollares á literatura do século XIX* (29.10.2014), orgnizado no marco do proxecto de investigación *Cronoloxía da literatura galega(1801-1900)* polo Grupo ILLA (Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística).

z) Conferencia impartida por Alberto Ruiz de Samaniego, *Maurice Blanchot. Pensamiento y literatura* (15.11.2014), coordinada pola Área de Filosofía do Departamento de Filosofía e Métodos de Investigación en Educación.

a') Aula aberta leccionada polo Prof. Dr. Carlos Pazos Justo intitulada *Do Esquecido e Desconhecido. Alfredo Guisado nos Sistemas Literários Português e Galego* (18.11.2014) e organizada polo Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística.

b') Encontro aberto cos creadores do filme *A Esmorga*, organizado pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Filoloxía en parcería co Servizo de Normalización Lingüística da UDC (20.11.2014).

c') Presentación de Cinema Italiano *La commedia all'italiana* (24-27.11.2014), organizada pola Área de Románicas do Departamento de Filoloxía Española e Latina.

d') Celebración das *XIXornadas Lingua e Usos. Lingua e Universidade* (27-28.11.2014), organizadas nesta ocasión na Reitoría da UDC polo Servizo de Normalización Lingüística.

e') Ciclo *Caminhos da Literatura Portuguesa na Galiza: Luísa Costa Gomes*, organizado polo Departamento de Galego-Português, Francés e Lingüística en parcería co Instituto Camões (02.12.2014).

f') *Ciclo de Cine Australiano / Australian Film Season*, organizado pola Facultade de Filoloxía no Fórum Metropolitano (04-20.12.2014).

g') Representación da obra de teatro *Cuando el arco iris es suficiente* polo Grupo de Teatro de Filoloxía Inglesa (10.12.2014), coa coordinación da Profa. Dra. María Frías Rudolphi.

En síntese, perante as actividades realizadas, débese salientar tanto a cantidade de actos levados a cabo canto a diversidade da súa natureza, o que redunde de modo altamente positivo na oferta académica, cultural e investigadora de que é capaz de organizar o profesorado.

### 3. Outras actividades

No ano 2014, finalmente, foron desenvolvidas diversas accións de acollida, orientación ao estudantado e promoción das titulacións, e, ao mesmo tempo, tamén se realizaron diversas visitas de centros de educación secundaria á Facultade. Todas estas proxeccións dan continuidade a aquelas que se levan realizando nos últimos anos: así, por exemplo, no día 24 de abril recibíuse unha visita do alumnado do IES Alfonso X, de Cambre, no marco da campaña da difusión dos títulos; no seguinte mes, no día 8, celebráronse unhas xornadas de orientación laboral, intituladas “Profesións para filólogos”. Máis unha mostra de actividades destinadas a informaren o alumnado, por último, son as Xornadas de Acollida, desenvolvidas nos días 8, 10, 11, 15, 16 e 17 de setembro de 2014; actualizadas en relación coas celebradas noutros anos (*vid. supra*), foron orientadas preferencialmente ao estudantado de novo ingreso nos Graos. Nestes medios, tivo lugar a presentación dos diferentes servizos, programas e oficinas da universidade (Centro de Linguas, Oficina de Cooperación e Voluntariado, Oficina de Igualdade de Xénero, Oficina de Medio Ambiente, Oficina de Relacións Internacionais, Plano de Acción Titorial, Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante, Servizo de Biblioteca, Servizo de Cultura, Servizo de Deportes e Servizo de Normalización Lingüística).

Relativamente a xornadas máis específicas pensadas nomeadamente para a información do alumnado, sobrance as seguintes:

- a) Xornada de Orientación Laboral 2014-2015: *Profesións para filólogos: desde a contorna até a comisión europea* (29.10.2014).
- b) Obradoiro de orientación laboral: Os primeiros pasos cara ao mercado laboral (12.11.2014).
- c) Celebración da *Xornada informativa para futuros estudantes Erasmus* (25.11.2014).

Canto aos programas de mobilidade, entre as actuacións desenvolvidas pola Oficina de Relacións Internacionais da UDC e a Comisión de Relacións Internacionais da Facultade de Filoloxía, deuse publicidade ás tres convocatorias dos programas “Erasmus+” e “Bilateral”. E, ao mesmo tempo, organizado pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Filoloxía e o Servizo de Normalización Lingüística da UDC, tivo lugar a resolución do *VI Premio de tradución ao galego de textos científico-técnicos* nas modalidades inglés-galego e galego-inglés e francés-galego e galego-francés (06.11.2014).

En último lugar, no tocante a outras actividades coordinadas polo alumnado, merecen pórse de relevo as seguintes:

a) Congreso *La comunicación social: literatura, cine y prensa* (08-09.10.2014).

b) Obradoiro de escrita *Versando en verso*, organizado por Clara Vidal e coa participación das escritoras galegas Antía Otero, Dolores Tembrás, Estíbaliz Espinosa e Yolanda Castaño (25.05.2014 e 09,16 e 23.06.2014).

---

## **E. ACTIVIDADES LEVADAS A CABO NO ÁMBITO DO SERVIZO DE BIBLIOTECA**

---

O ano 2014 supuxo importantes mudanzas na biblioteca da Facultade, entre as cales hai que salientar a importante redución do orzamento para a adquisición de material bibliográfico, as mudanzas no persoal e as melloras nas instalacións. Entre os obxectivos atinxidos está a inauguración da web da biblioteca, a que se fará referencia máis abaixo novamente. E, relacionado con isto último, hai que salientar a presenza da Biblioteca no ámbito das redes sociais: a) *Facebook*, que diariamente publica un post con noticias de actualidade; b) *Pinterest*, que corresponde a unha publicación de taboleiros temáticos –este ano fixéronse varios, difundindo a nosa colección de filmes cunha ficha técnica e un breve resumo do seu argumento; c) *Flickr*, a biblioteca en imaxes

A Biblioteca dispuxo dun orzamento de 29.993,00€ pertencentes á partida 6130-122B-62800. Ao mesmo tempo, tamén contou con outros orzamentos: 4.577, € (Centro de Linguas), 15.099,77 (Grupos de Investigación e Proxectos de Investigación e 1.646 € (material de oficina). Para alén de asuntos fundamentalmente económicos, o funcionamento da biblioteca pode explicarse a partir das seguintes epígrafes:

- (1) Estado dos fondos.
- (2) Persoas usuarias.
- (3) Persoal.
- (4) Instalacións e equipamentos.
- (5) Tarefas desenvolvidas na biblioteca.

### **1. Estado dos fondos**

A compra de material bibliográfico corresponde a solicitudes feitas polo profesorado para apoio á investigación e á docencia, a títulos de bibliografía recomendada, a solicitudes formuladas polo propio estudantado e a persoas usuarias externas. A maior parte das adquisicións foi feita a Caligrama, Espiral Maior, Komic, Librería Pons, Librería Xiada, Libros La Peña Moleiro Editores, Novos Vieiros, Pórtico Librarías e Starkmann. Así as cousas, no día 31 de decembro de 2014, a colección da biblioteca constaba de 107408 monografías en papel. Desá cifra, convén subliñarmos a incorporación de 2515 volumes de novo ingreso, dos cales 1432 chegaron a través da compra e 1083 mediante a doazón ou o intercambio. Canto ao fondo de publicacións periódicas, é composto por 1223 títulos, dos cales 309 están abertos en formato papel e 914 fechados; algunhas revistas pasaron a soporte unicamente electrónico e non están computadas entre as abertas. Noutra orde de cousas, o material non librario da biblioteca (microfilmes, cartaces, fotos) chega á cifra de 2152 e as monografías audiovisuais atinxen o número de 3349.

## 2. Persoas usuarias e sistemas de empréstimos

O volume de entradas na biblioteca durante o ano 2014 atinxiu a cifra de 65.254 utentes. No tocante ao servizo de empréstimo de monografías nese mesmo ano, foi de 14158 documentos, fronte aos 14.601 do ano 2013, o que supón unha diminución de 443 libros (3%). Relativamente ao número de renovacións, a cifra foi de 30.594 documentos, 642 menos que no ano anterior (2%). E a respecto dos empréstimos solicitados a outras institucións, o número chegou aos 281 items.

## 3. Persoal

Como consecuencia de diferentes concursos e traslados, no día 01.09.2014 causou baixa Pilar Roel Velasco, que pasou a desenvolver as súas tarefas noutro centro como consecuencia do concurso de méritos. Xa no mesmo mes de setembro tivo lugar a incorporación de Xerardo Rodríguez Xusto como auxiliar. Unha vez concluídas estas mudanzas, o persoal da Biblioteca ficou organizado do modo que segue:

### a) Mañá

Directora: Marta Lago Méndez  
Bibliotecaria: Carmen Rodríguez Veiga  
Auxiliar: Xerardo Rodríguez Xusto.

### b) Tarde

Bibliotecaria: Rosa Martínez Val  
Auxiliar: Patricia Rodríguez Blanco

Canto ás Bolsas de Biblioteca, no ano 2014 contouse coa colaboración dun bolseiro en tarefas bibliográficas, Miguel Martos Souto, durante os meses de xaneiro a maio cun total de 4 horas á semana. En setembro de 2014 incorporáronse dous novos bolseiros da Convocatoria de Bolsas de Colaboración para formación complementarr do estudantado da Universidade da Coruña (curso 2014/2015); a duración desas bolsas é de 9 meses –entre o día 1 de outubro de 2014 e o 30 de xuño de 2015–, cunha dedicación de 8 horas semanais, sen que a dedicación diaria poida exceder as 4 horas. As persoas adxudicatarias das bolsas na biblioteca foron Rebeca Martínez Trigo e Pablo Dequidt González.

## 4. Instalacións e equipamentos

Ao longo deste ano, leváronse a cabo algunhas actuacións mínimas destinadas a melloraren o servizo e os recursos existentes, das cales se fixo cargo a Facultade. Así, se ben que hai que sinalar que non houbo mudanzas nas equipas informáticas a respecto do ano 2013, si que interesa expor que a cifra de equipas microfilm, audiovisuais, reprodutores e escáneres experimentou unha redución a respecto do ano anterior, cuxo inventario fica da seguinte forma:

Escáner da oficina	1
Escáner para uso público	1
Reprodutor Dvd/Blu-Ray/Vhs	5
Tv	2
Equipo de dixitalización	2

Reprodutor de casetes	2
Lector de microfilmes	1

No concernente ás instalacións, notábase a falta para o alumnado e profesorado de forma a elaborar traballos en grupo de tipo académico. Atendendo a esta necesidade, a biblioteca decidiu habilitar a sala de audiovisuais e convertela nunha sala de traballo con oito postos. Por outro lado, en finais de ano pintáronse os espazos de oficina, sala de empréstimo, zona de Opacs e Fondo Manuel Santiago; neste último espazo tivo de se trasladar os case 3000 volumes que forman a colección cara á hemeroteca, o que provocou que durante unha semana esta zona estivese fechado. Ao mesmo tempo, foron arranxadas as portas de cristal de acceso á biblioteca e á hemeroteca e que estaban a punto de caer co perigo que isto supuña. Finalmente, trasladáronse dúas baldas novas ao andar 1, coa finalidade de situaren a sección de banda deseñada de nova creación na biblioteca.

## 5. Tarefas desenvolvidas na biblioteca

### 5.1. Traballo técnico

A continuar a liña de anos anteriores, as tarefas máis salientábeis desenvolvidas polo persoal da biblioteca foron as seguintes:

- a) Selección e adquisición dos fondos bibliográficos adecuados ás titulacións impartidas no centro, con especial atención á bibliografía recomendada para as materias leccionadas na facultade. Están dispoñíbeis na biblioteca máis de 90 % dos títulos recomendados e foron adquiridos máis de exemplares dos libros solicitados polas persoas usuarias. Igualmente, entre os meses de xullo e setembro actualizouse no programa Millenium, na súa aplicación de *reserva de cursos*, toda a bibliografía recomendada por profesor/a e materia.
- b) Adquisición de obras de novo ingreso para os cursos de grao e para os mestrados.
- c) Creación no catálogo en liña da biblioteca das bibliografías recomendadas para as diferentes materias ministradas no centro.
- d) Catalogación de todas as monografías de novo ingreso, quer por compra, quer por doazón ou intercambio.
- e) Selección, exposición e renovación das monografías de novo ingreso no lugar do centro acondicionado para tal fin.
- f) Baleirado analítico de todos os artigos publicados polo profesorado da facultade e existentes nas publicacións da biblioteca do centro.
- g) Baleirado de artigos na base de datos Dialnet, que é un portal integrador de recursos (libros, revistas, teses...) e unha das principais bases de datos de contidos no mundo hispánico. Este ano as incorporacións feitas a Dialnet foron as das revistas *Encrucillada*, *Troianalexandrina*.
- h) Baleirado na base de datos Dialnet de monografías publicadas polo Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña que conteñen traballos publicados polo profesorado da facultade.
- i) Rexistro automatizado, selado e magnetizado de todos os números de revistas ingresados na hemeroteca.
- l) Control e envío a outras universidades dos duplicados de publicacións periódicas.



**m)** Estudo da colección e, se necesario, traslado ao depósito dos volumes de monografías de escasa utilización.

**n)** Realización inventario dos fondos existentes na biblioteca: ao longo do ano realizáronse diversos recontos dos fondos de libros. Estes traballos serviron para se detectaren documentos extraviados, mal colocados ou deteriorados. A cifra final o número de libros extraviados foi de 27, o que supón unha número pouco representativo dada o volume de consultas e o cómputo xeral dos fondos.

**ñ)** Inventario e actualización de todos os títulos de revistas que enforman a colección da hemeroteca da Facultade; con estas tarefas foran detectados exemplares mal colocados, erros tipográficos no catálogo e varios números desaparecidos.

**o)** Reclassificación do Fondo monográfico da Colección Francisco Pillado Mayor. Unificáronse as cotas do cadro de clasificación co resto dos fondos da biblioteca, de forma a facilitar o seu uso:

DG	Etnografía da Galiza
DR	Civilización, cultura, obras de referencia, antoloxías
DC	Cine
DT	Didáctica teatral. Política. Técnicas. Socioloxía teatral
T2	Teatro en lingua anglosaxoa
T5	Teatro francés
T3	Teatro en linguas xermánicas
T5	Teatro en lingua fancesa
T4	Teatro en linguas románicas
T6	Teatro en lingua española
T6A	Teatro hispanoamericano
T7P	Teatro en lingua portuguesa
T7G	Teatro galego
T8	Teatro en linguas clásicas
T9	Teatro en linguas eslavas e bálticas
T10	Teatro en éuscaro, linguas orientais, africanas...
DM	Música
SON	DVD

**p)** Reorganización da colección de DVDs, a cal ficou clasificada por lingua orixinal e por temáticas:

DVD-E	Filmes en lingua española
DVD-F	Filmes en lingua francesa
DVD-G	Filmes en lingua galega
DVD-IN	Filmes en lingua inglesa
DVD-IT	Filmes en lingua italiana
DVD-P	Filmes en lingua portuguesa
DVD-S	Series

DVD-T	Filmes temáticos
DVD-V	Filmes noutras linguas
VID-F	Filmes en VHS

## 5.2. Formación

Entre as actividades desenvolvidas polo persoal da biblioteca cómpre salientarmos o curso de presentación do servizo ao alumnado de novo ingreso, organizado no marco das *Xornadas de Acollida* no mes de setembro (*vid. supra*). Tamén se impartiron varios seminarios específicos para o manexo de bases de datos e doutros recursos de fontes de información; estas actividades estiveron pensadas nomeadamente para esudantado dos últimos cursos de grao, dos mestrados e do doutoramento. Noutra orde de cousas, o persoal da Biblioteca tamén participou en cursos de formación desenvolvidos pola UDC ou por diferentes organismos, entre os cales merecen salientarse os seguintes:

- a) Curso de iniciación a Open-CMS.No mes de setembro publicouse a web da biblioteca ([www.udc.gal/biblioteca.fil](http://www.udc.gal/biblioteca.fil)), a cal pretende ser unha nova canle de comunicación para facilitar a visibilidade de todas as actividades e eventos que se foren desenvolvendo na biblioteca, ao paso que permite achegar os recursos de información de interese, das titulacións de filoloxía.
- b) Formación no recurso *Subject Plus*.Trátase dunha ferramenta de código aberto que permite crear guías de recursos de investigación (bases de datos, blogs, bibliotecas virtuais, catálogos, etc.). Neste sentido, a biblioteca creou as seguintes guías: (<http://www.udc.gal/biblioteca.fil/recursos/>): Estudos lingüísticos e literarios españois, Estudos lingüísticos e literarios franceses, Estudos lingüísticos e literarios galego-portugueses, Estudos lingüísticos e literarios ingleses, Estudos lingüísticos e literarios latinos.
- c) Xestión de recursos electrónicos.
- d) Contidos e servizos para dispositivos móbiles en Bibliotecas.
- e) Ferramentas para traballar na nube.

## 5.3. Outras actividades

En último lugar, na sección das outras actividades celebradas ou organizadas polo Servizo de Biblioteca, convén pór en destaque as seguintes:

- a) Exposición bibliográfica *Mulleres nas bibliotecas da UDC*, organizado conxuntamente pola Oficina para a Igualdade de Xénero da UDC, o Servizo de Biblioteca Universitaria da UDC e a Rede de Unidades de Igualdade de Xénero para a Excelencia Universitaria.A biblioteca participou na mostra con tres cartaces dedicados ás escritoras de Novela Negra: Patricia Melo, Fred Vargas e P.D. James (03-28.03.2014).
- b) Exposición fotográfica *Homenaxe a Gabriel García Márquez* por mor da súa defunción(17.05.2014)
- c) Composición de tres taboleiros con cartaces explicativos da vida e obra de Xose María Díaz Castro por causa de ser o autor homenaxeado no Días das Letras galegas(17.06.2014).
- d) Coincidindo co obradoiro de escrita *Versando en verso* (*vid. supra*), impartido por diversas autoras galegas, aproveitouse para facer unha

compilación de obras de poetas galegas contemporáneas no pinterest e unha pequena exposición bibliográfica na entrada da biblioteca.

e) Selección bibliográfica de Patrick Modiano, Premio Nobel de Literatura (08.10.2014)

f) Selección bibliográfica de Juan Goytisolo, Premio Cervantes 2014 (15.12.2014).

g) Oferta de duplicados. Como todos os anos, ofértanse a outras bibliotecas os volumes duplicados da nosa biblioteca. Este ano fíxose un envío a Biblioteca-Hemeroteca de Estudos Mindonienses.

h) VII Campaña de liberalización de libros: en total liberáronse 208 libros, 61 publicacións periódicas e 11 CDss. Todos eles son doazóns do Servizo de Publicacións, doutras institucións e duplicados da biblioteca, ben como dalgúns profesores do centro.

---

## F. MOBILIDADE E INTERNACIONALIZACIÓN

---

A Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña aposta firmemente nos programas que facilitan o intercambio de estudantes e de profesorado con outras institucións académicas. Boa proba disto é que se trata do centro que máis alumnado estranxeiro recibe percentualmente de toda a UDC. A Comisión de Relacións Internacionais da facultade, presidida pola Sra. Vicedecana María Jesús Cabarcos Traseira, encarrégase de xestionar eses convenios e de asesorar o estudantado das titulacións ofertadas no centro que participa en tales convocatorias de internacionalización, ben como dos labores de acompañamento de estudantes provenientes do estranxeiro que veñen estudar connosco.

A mobilidade, ao ladoda calidade da docencia e da investigación, é considerada presentemente un dos alicerces do ensino universitario. Non se torna extraño, por tanto, que vire un dos indicadores máis valorizados nas avaliacións das axencias públicas, do cal é plenamente consciente a Facultade de Filoloxía. Neste sentido, varios son os aspectos capaces de sintetizaren a proxección dese intercambio internacional, en harmonía cos programas xa existentes, do tipo Erasmus+, Erasmus Mundus, Leonardo da Vinci etc. (dispoñíbeis en <http://www.udc.es/ori/internacionalizacion/index.html>). A este respecto, convén lembramos que na Xunta de Facultade do mes de xullo (29.07.2014) ficou sinalada a necesidade de supervisar máis ao pormenor os convenios de intercambio, en resposta ás características que o programa Erasmus posúe desde a súa conversión a Erasmus+ en xaneiro de 2014. Na reunión da Xunta de Facultade de 17.12.2014 aprobouse por asentimento a listaxe de nomeamentos de titoras e titores académicos de intercambio propostos, cuxa figura vén recollida no *Regulamento de Mobilidade Internacional da UDC* (aprobado polo Consello de Goberno do día 20.12.2012).

No xeral, o ámbito da internacionalización pode resumirse nas seguintes seccións:

- (1) Visitas de profesorado doutras universidades
- (2) Profesorado participante da facultade
- (3) Alumnado implicado nos programas
- (4) Convenios asinados
- (5) Outras actividades relacionadas coa internacionalización

### 1. Visitas de profesorado doutras universidades

Ao longo do ano 2014, no marco do programa de mobilidade Erasmus, a Facultade recibiu as 13 visitas, o que implica un aumento de 10 docentes a respecto de 2013:

Nome:	Kujath, Natasza
Institución:	Uniwersytet Opolski
Datas:	17-24.03.2014
Nome:	Aylin, Köyalan
Institución:	Izmir Üniversitesi
Datas:	31.03.2014 / 04.04.2014
Nome:	Sarandi, Hidayet
Institución:	Izmir Üniversitesi
Datas:	21-25.04.2014
Nome:	Wolny, Ryszard
Institución:	Uniwersytet Opolski
Datas:	17-21.03.2014
Nome:	Nicieja, Stankomir
Institución:	Uniwersytet Opolski
Datas:	17-21.03.2014
Nome:	Moetiejūnienė, Jurgita
Institución:	Kauno Technologijos Universitetas
Datas:	23-27.06.2014
Nome:	Kasperavicienė, Ramunė
Institución:	Kauno Technologijos Universitetas
Datas:	23-27.06.2014
Nome:	Szczepaniak, Anna
Institución:	Stanislaw Staszic State School of Higher Vocational Education
Datas:	09-13.06.2014
Nome:	Wąsikiewicz-Firlej, Emilia
Institución:	Stanislaw Staszic State School of Higher Vocational Education
Datas:	09-13.06.2014
Nome:	Lankiewicz, Hadrian
Institución:	Stanislaw Staszic State School of Higher Vocational Education
Datas:	09-13.06.2014

Nome: Godlewska, Malgorzata  
 Institución: Ateneum-Szkola Wyzsza  
 Datas: 09-13.06.2014

Nome: Tereszkievicz, Anna  
 Institución: Jagiellonian University  
 Datas: 15-19.09.2014

Nome: Szczepaniak-Kozak, Anna  
 Institución: Adam Mickiewicz  
 Datas: 22-26.09.2014

## 2. Profesorado da facultade

Tamén participou en accións de mobilidade o seguinte profesorado do centro:

Nome: Lorenzo Modia, María Jesús  
 Institución: University of Worcester (Reino Unido)  
 Datas: 05-07.05.2014

Nome: Cabarcos Traseira, María Jesús  
 Institución: Universidade do Minho (Portugal)  
 Datas: 15-20.06.2014

## 3. Alumnado implicado nos programas

Tal como foi sinalado máis arriba, a Facultade de Filoloxía é o centro da Universidade da Coruña que maior percentaxe de estudanado estranxeiro recibe nas súas aulas, o que a converte sen dúbida nunha das referencias na internacionalización do alumando. En cifras, centrándonos no ano académico 2013-2014 recibíronse 93 estudantes procedentes de diversos países europeos (Alemaña, Bélxica, Chipre, Finlandia, Franza, Hungría, Irlanda, Italia, Lituania, Noruega, Países Baixos, Polonia, Portugal, Reino Unido, Romenia, Suecia, Turquía etc.). Por súa vez, 32 persoas da facultade decidiron involucrarse nestes programas de mobilidade e foron cursar unha parte dos seus estudos ás universidades con que existen tales acordos. Interesa ponderar nestes medios que aínda se está á espera de recibir datos sobre a situación do alumnado a respecto do curso 2014-2015, co que se espera, durante o segundo cuadrimestre, un certo acrecentamento.

## 4. Convenios asinados

Outrosí, ao longo do ano 2014 foron renovados ou tramitados convenios con diferentes universidades que posibilitarán novas modalidades de intercambio ou que subscribiron as xa existentes: Aichi (Xapón), Bruxelas (Bélxica), Évora (Portugal), Guadalajara (México), Kazán (Tatarstán / Federación Rusa), Minho (Portugal), San Diego (Estados Unidos), Worcester (Reino Unido), Zielonogórski (Polonia) etc.

## 5. Outras actividades relacionadas coa internacionalización

Finalmente, aínda que á marxe da convocatorias oficiais de mobilidade, houbo docentes que participaron en estadias de investigación en diferentes institucións académicas. Tal é o caso das profesoras Begoña Simal González (New York University, 17.05-18.07.2014) e Teresa López Fernández (City University of New

York, 01.04-30.06.2014), ben como dos profesores Luís Caparrós Esperante, Luís González García e Manuel Fernández Ferreiro (Universitat Pompeu Fabra, 01-31.07.2014).